

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 30 de decembro de 2011

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Raquel Díaz Vázquez
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González

NON ASISTEN:

D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

Invitado:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e trece minutos do día trinta de decembro de de dous mil once e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Está tamén presente por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, por delegación, Sr. Lorenzo Penela.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1567).- ACTA ANTERIOR. Apróbanse as actas das sesións ordinaria e extraordinaria e urxente do 23 de decembro de 2011. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(1568).- MARCO DE ACTUACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE PRESTACIÓNS INDIVIDUAIS MUNICIPAIS PARA A PREVENCIÓN, ASISTENCIA E PROMOCIÓN SOCIAL DE EMERXENCIAS PARA O ANO 2012. EXPTE. 70118/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 23.12.11 o informe de fiscalización do 28.12.11 e de acordo co informe-proposta da técnica de Actividades Económicas, do 22.12.11, conformado polo xefe de Área de Política de Benestar e a concelleira-delegada de Política de Benestar, a Xunta de Goberno local acorda:

1º. - Aprobar o marco de actuación do do programa de subvencións directas individuais para a prevención, asistencia e promoción social.

2º.- Autorizar o gasto de 400.000 euros con cargo a partida 2310.480.00.00 ou a súa bolsa de vinculación, e 20.000 euros con cargo á partida 3133.480.00.00, para facer fronte as axudas económicas individuais para a prevención, asistencia e promoción social de emerxencia no exercicio 2012, correspondentes os centros de gasto 2310 –Benestar Social- e 3133 –CEDRO- dependentes da Concellería de Política de Benestar, facultando á Concelleira-Delegada de Política de Benestar para a aprobación e concesión, no seu caso, das concretas axudas económicas a favor dos usuarios de benestar social.

3º.- O expediente tramitarase como anticipado de gasto, condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente no orzamento do Concello para 2012. Dado que o Capítulo VII non ten carácter de prorrogable coa prórroga do orzamento, se autorizará o gasto de 40.000 euros con cargo á partida 2310.780.00.00, unha vez que se aprobe o orzamento definitivo do ano 2012, sempre que exista consignación orzamentaria.

4º.- Aprobar a realización de libramentos a xustificar ata os importes máximos indicados no apartado segundo, a nome das funcionarias habilitadas de Benestar Social, Dª Mª Paz Fernández Fernández, DNI 03821230X, e Dª Mª José Quintela Rodríguez, DNI 35.995.956-J, e da do funcionario habilitado do centro CEDRO, D. Francisco Otero Lamas, D.N.I. 36.047.540P para facer efectivos os referidos gastos e que serán aboadas nas contas restrinxidas da Tesourería Municipal.

MARCO DE ACTUACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE PRESTACIÓNS INDIVIDUAIS MUNICIPAIS PARA A PREVENCIÓN, ASISTENCIA E PROMOCIÓN SOCIAL DE EMERXENCIA PARA O ANO 2012

A Lei 7/1985 Reguladora de Bases de Réxime Local, no seu artigo 25.2.k e a Lei 5/97 de Administración Local de Galicia no seu artigo 80.2.k), establecen a competencia dos municipios na prestación dos servizos sociais e de promoción e inserción social.

Os servizos sociais municipais, tanto os comunitarios como os especializados, traballan co obxectivo de garantir a atención das necesidades básicas do conxunto da poboación, especialmente dos colectivos con maiores dificultades de inserción, de acordo cos principios da Lei 13/2008 do 3 de decembro de Servizos sociais de Galicia.

En xeral, e como metodoloxía de traballo, os servizos sociais municipais prestan unha atención integral as persoas, baseada no esforzo da súa autodeterminación e a potenciación dos seus propios recursos e os do seu entorno familiar e comunitario, contando con un conxunto de prestacións entre as que se inclúen as municipais como resposta as carencias na cobertura das necesidades sociais detectadas.

Para acadar ese fin apróbase o presente marco de actuación para o desenvolvemento dos procedementos aplicables para o outorgamento das axudas directas de carácter individual em relación a prevención, asistencia e promoción social de emerxencia para o longo do ano 2012, no marco xurídico definido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e de acordo cos

critérios normativos e regulamentarios aprobados polo Concello de Vigo de forma específica en relación as subvencións dentro das bases de execución orzamentaria

CRITERIOS DE ACTUACIÓN

Primeira.- Obxecto

É o conxunto de disposicións dinerarias excepcionais, de carácter propio o subsidiario e/ou complementario doutro tipo de recursos económicos previstos na lexislación vixente, suxeitos o cumprimento dos fins indicados na base segunda e coma parte do conxunto de intervencións e actuacións específicas necesarias para a prevención, asistencia e promoción social e de emerxencia.

Segunda.- Finalidade

- *Apoiar a aquelas persoas, familias ou colectivos que carecen de recursos económicos para afrontar necesidades básicas en relación á alimentación, aloxamento provisional, vestido, educación, transporte, formación, atención sanitaria non cuberta polo sistema público, vivenda, etc.*
- *Evitar as consecuencias físicas, psíquicas e sociais que a carencia de recursos económicos suficientes provoca e que afecten ó normal desenvolvemento das persoas na sociedade.*

Terceira.- Clasificación das prestacións

- a) *Prestacións económicas que serán entregadas en metálico, cheque bancario ou mediante transferencia*
- b) *Prestacións económicas efectuadas a provedores, arrendatarios, subministradores, etc dos usuarios ou beneficiarios do programa.*

Cuarta.- Ámbito de aplicación

O programa de prestacións individuais diríxese a aquelas persoas e familias que atópanse en situación de necesidade social empadroadas no Concello de Vigo ou teñan a consideración de transeúntes ó longo do ano 2012

Quinta.- Crédito orzamentario

A concesión das prestacións axustarase no seu conxunto ás partidas de gasto 480.00.00 dos programas 2310 -Benestar Social- e 3133 - CEDRO – en base os seguintes créditos:

<i>Partida</i>	<i>Importe</i>
<i>2310.480.00.00</i>	<i>400.000,00 €.</i>
<i>3133.480.00.00</i>	<i>20.000,00 €.</i>

Para as axudas que o Concello de Vigo concede destinadas ó acondicionamento de vivendas ou para as complementarias convocadas por outras Administracións o gasto será contemplado na Partida 780.00.00 do funcional 2310 em base o seguinte crédito:

<i>Partida</i>	<i>Importe</i>
<i>2310.780.00.00</i>	<i>40.000,00 €.</i>

Non obstante, si se dera un incremento na demanda que xere un gasto superior ó previsto, modificaranse as partidas na medida que fose necesario, sempre que haxa recursos financeiros suficientes e de acordo á legalidade vixente en materia orzamentaria.

Sexta.- Requisitos dos beneficiarios

Poderán ser titulares do programa de prestacións tódalas persoas ou unidades familiares comprendidas na base cuarta, sen discriminación de ningún tipo e incluso non censadas no Concello no caso dos considerados transeúntes.

Non se poderá acceder a estas axudas cando, de existir, non se teñan utilizado as canles que outras Administracións teñan establecido e para o mesmo concepto.

Sétima.- Procedemento de concesión

A concesión da subvención realizarase de forma directa debido a inmediatez, excepcionalidade e urgencia das axudas, baseadas en razóns de interese público, social, económico e humanitario que dificultan a convocatoria pública.

Oitava.-Importe

O importe da prestación será proposto, en cada caso, pola profesional que corresponda dentro dos que sinala a Comisión técnica, importes que poderán variar en calquera momento polo número de demandas, situación das partidas económicas, etc., observándose as contías máximas que se establecen na base décima.

Novena.- Natureza das prestacións económicas.

Indícanse, con carácter xeral, os seguintes conceptos de prestacións:

- 1- De vivenda: polos conceptos de gastos de alugamento ou derivados de intereses ou amortización de créditos e gastos necesarios para o disfrute e mantemento da vivenda ou aloxamento habitual non contemplados por outras Administracións. Así mesmo inclúense as fianzas para alugamento, importes pendentes en evitación de desafiúzo, reparación de necesidades básicas, mobiliario de primeira necesidade, etc.
- 2- De alimentación.
- 3- De apoios necesarios para o desenvolvemento de actividades de inserción sociolaboral.
- 4- Gastos de suministros (luz, auga e gas)
- 5- Gastos de atención sanitaria non cubertos polo sistema público.
- 6- Gastos persoais (vestiario, calzado, viaxes por situacións familiares graves, etc.)
- 7- Gastos de aloxamento.

En todo caso, as prestacións concedidas teñen un carácter voluntario, temporal e extraordinario e non poderán ser invocadas como precedente.

Décima.- Contía das axudas.

As profesionais da UTS ou dos programas especializados que propoñan as axudas determinarán as cantidades en función dos membros da unidade familiar, problemática familiar, ingresos económicos, de existir, e por estar pendente de percibir unha prestación.

As contías máximas da axuda en función das circunstancias apuntadas na cláusula anterior serán; por unidade familiar.

a) *Vivenda*

a.1) *En relación con alugamentos, fianzas e desafiuzamentos o importe máximo a conceder será de 500 € mensuais con un tope de 3.000 € anuais.*

a.2) *Para reparacións básicas a contía anual a conceder a un mesmo beneficiario non poderá exceder de 2.300,00 € anuais.*

a.3) *Para mobiliario de primeira necesidade a contía máxima a conceder é de 1.500,00 € anuais.*

a.4) *Para calquera outra actuación en vivenda non contemplada anteriormente que a Comisión Técnica acorde a axuda, esta non excederá os 500,00 € anuais.*

a.5) *Para préstamos que teñan relación coa vivenda (hipotecarias ou outros) 500,00 € mensuais cun tope de 3.000,00 € anuais.*

a.6) *Nas axudas para acondicionamento de vivendas incluídas en convocatorias doutras Administracións, o gasto en base a estas Normas non poderá exceder en ningún caso da axuda concedida pola entidade convocante.*

b) *Alimentación*

Ata un máximo de 530 € mensuais ou 3.180 € anuais, de acordo co seguinte baremo:

<i>MEMBROS UNIDADE FAMILIAR</i>	<i>EUROS MES</i>	<i>EUROS ANUAIS</i>
<i>1</i>	<i>180</i>	<i>1.080</i>
<i>2</i>	<i>250</i>	<i>1.500</i>
<i>3</i>	<i>320</i>	<i>1.920</i>
<i>4</i>	<i>380</i>	<i>2.280</i>
<i>5</i>	<i>430</i>	<i>2.580</i>
<i>6</i>	<i>480</i>	<i>2.880</i>
<i>7 ou mais</i>	<i>530</i>	<i>3.180</i>

c) *De apoios á inserción, ata un máximo de 60 € mensuais ou 300 € anuais.*

d) *De suministros, ata un máximo de 75 € mensuais ou 450 € anuais. (Exceptuando as reposicións de servizos).*

e) *Gastos persoais, ata 400 € anuais.*

f) *Gatos de atención sanitaria non cubertos polo sistema público, ata 750 € anuais.*

g) *Gastos de aloxamento, ata tres meses ao longo do ano.*

h) *Noutras axudas convocadas por distintas Administracións non contempladas anteriormente e que a traballadora social dos servizos sociais comunitarios entenda que é necesario coadxuvar con algunha achega municipal tendo en conta a situación da familia, en ningún caso se excederá do importe concedido por aquela.*

Décimo primeira.- Instrucción do procedemento

As/os funcionarias/os responsables das UBAS ou programas especializados que resulten competentes en cada caso, proporán e informarán preceptivamente a concesión das axudas.

Para o establecemento dos conceptos e condicións particulares para acceder ó programa, estarase ó dictame baseado en criterios de igualdade, obxectividade e non discriminación, emitido por unha Comisión técnica integrada polo Xefe de área Acción Social, a Xefa de Servizo e a técnica de Actividades Económicas do departamento. Asistirá as sesións da Comisión técnica a responsable da UTS ou programa que corresponda.

O dictame da Comisión deberá axustarse, en todo caso, ás liñas xerais que se establecen nestas Bases, fundamentalmente ás contías máximas para cada un dos tipos de axuda, contías que se poderán superar en situacións excepcionais previo informe da mesma Comisión e aprobación singular da Xunta de Goberno Local, cando proceda

Décimo segunda.- Normas de xestión

A/o profesional responsable da UTS ou programa, propondrá a contía da prestación á Comisión técnica que se establece na cláusula Décima primeira, que se reunirá semanalmente, a cal a dictaminará e coa conformidade da Concellería-Delegada se librá contra a conta habilitada correspondente.

En casos excepcionais a/o profesional correspondente e a/o responsable do programa poderán determina-la contía e proximidade do abono en caso de que a situación non permita demorarse ata o pronunciamento da Comisión técnica, a quen se elevara na primeira reunión que se celebre.

Contra a entrega do importe da axuda, e no impreso anexo –anexo I- que contempla a valoración técnica a que se refire a base décimo primeira, o beneficiario firmará a recepción e aportará fotocopia do DNI por ámbalas dúas caras, ou documento de identidade suficiente. No caso de non dispor de documentación aclararase a circunstancia de tal extremo no recadro.

O beneficiario contará con seis días naturais, a partir da recepción da axuda, para presentar as facturas xustificativas do importe percibido. No caso das axudas para alimentación, os tickets de compra custodiaranse no Departamento de Benestar Social. Nos casos en que a axuda sexa para pagar a terceiros –alugueiros, abastecementos de luz, etc., achegarase o recibín –anexo I- a factura correspondente ou copia da transferencia bancaria.

Someteranse á consideración da Xunta de Goberno as axudas que individualmente consideradas superen os seis mil euros. A Concellería-Delegada é competente para aprobar os gastos que non excedan de seis mil euros. Anexo II

No caso de prestacións económicas indirectas –aloxamento alternativo, alugueiros, aprovisionamento de mobles, etc., procurarase abona-lo importe á empresa subministradora do servizo, polo que achegarase factura ou copia da transferencia bancaria.

A solicitude dos departamentos de Benestar Social e Cedro, realizarase o correspondente expediente de gastos a xustificar para a execución destas axudas en relación a conta delegada de Benestar Social número 2080 5000 67 3110242616, e a conta delegada de CEDRO, número 2080 5000 61 3110290285 o importe das cantidades solicitadas con cargo ás partidas 2310.480.00.00 e 3133.480.00.00 e no seu caso para a partida 2310.780.00.00.

Décimo terceira.- Comprobación da xustificación da subvención

Toda concesión de prestación económica implicará por parte da/do profesional correspondente das UTS ou programa, una valoración técnica breve da situación socioeconómica do beneficiario/a con estudo da demanda que acredite a adecuación da axuda e valoración que, a efectos xustificativos, incluírase no documento de percepción (Anexo I).

Décimo cuarta.- Obriga dos beneficiarios

- a) *Aplica-la prestación á finalidade para a que foi concibida.*
- b) *Comunica-los cambios que puideran dar lugar á modificación, suspensión ou acumulación da prestación.*
- c) *Reintegra-lo importe da prestación indebidamente percibida ou en contía indebida.*
- d) *Comunicar calquera cambio de domicilio.*
- e) *Cumpri-las condicións que especialmente lle sexan impostas polo/a profesional dde traballo social correspondente.*
- f) *Presentar as facturas xustificativas da axuda recibida, no prazo de seis días naturais, contados desde o día seguinte a sinatura da recepción da axuda.*

Décimo quinta.- Publicidade das subvencións concedidas

A concesión destas axudas queda exento de publicación por canto, en razón do obxecto da subvención, súa publicidade atentaría contra o respecto e salvagarda do honor, a intimidade persoal e familiar das persoas físicas en virtude do establecido na Lei orgánica 1/1982, de 6 de maio, de protección civil do dereito ó honor, á intimidade persoal e a propia imaxe.

Décimo sexta.- Seguimento e efectividade das prestacións.

Os Servicios sociais municipais efectuarán o seguimento adecuado para controlar o bo fin das prestacións concedidas.

3(1569).- PROPOSTA DE ADMISIÓN DO RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN INTERPOSTO POR CLECE S.A. EN RELACIÓN CO EXPEDIENTE DO SERVIZO DE INTERVENCIÓN FAMILIAR. EXPTE. 59058/301.

Dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 23.12.11, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- *Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (LCSP).*
- *Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público.*
- *Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).*
- *Real Decreto-Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).*
- *Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRJAP).*
- *Prego de prescricións administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de intervención familiar (PCAP).*

ANTECEDENTES

A Mesa de contratación, na súa sesión de data 27 de outubro de 2011, acordou “Excluir a proposta presentada por CLECE, S.A., do procedemento aberto para a contratación do servizo de intervención familiar (expediente 59058-301) por non aportar xunto coa proposta económica o desglose presupostario do servizo”. Resolución que lle foi notificada en data 8 de novembro de 2011.

D. José Vicente Ortega Rey, en nome e representación de CLECE, S.A., mediante escrito con data de entrada no Rexistro xeral deste Concello de 22 de novembro de 2011, formula recurso especial en materia de contratación contra esta exclusión.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- É obxecto da presente impugnación o acordo de exclusión adoptado pola mesa de contratación do Concello de Vigo no curso do procedemento aberto para a contratación do servizo de intervención familiar, na sesión celebrada o día 27 de outubro de 2011. A exclusión fundamentase no feito de non achegar o desglose presupostario do servizo xunto coa proposta económica no sobre C, tal e como esixe a cláusula 7.C das Follas de características do contrato (FEC) incluídas no Anexo II do PCAP en relación coa cláusula 12.c) do PCAP.

Segundo.- A lexislación de contratos regula un recurso especial en materia de contratación, que substitúe os recursos administrativos ordinarios para a impugnación de determinados actos adoptados nos procedementos de adxudicación de contratos suxeitos a regulación harmonizada, contratos de servizos comprendidos nas categorías 17 a 27 do Anexo II de contía igual ou superior a 193.000 euros (suposto no que pode encadrarse o presente procedemento, que pertence a categoría 25 “servizos sociais e de saúde” e o seu importe é de 2.033.179,68 €) ou contratos de xestión de servizos públicos nos que o orzamento de gastos de primeiro establecemento sexa superior a 500.000 euros e o prazo de duración superior a cinco anos.

A interposición previa deste recurso é potestativa (artigo 310.6 LCSP).

Terceiro.- É preciso, en primeiro lugar, analizar si concorren no presente recurso os requisitos obxectivos, subxectivos, formais e temporais para a admisión do mesmo.

En canto os requisitos obxectivos, son susceptibles deste recurso especial os seguintes actos ditados no curso dos procedementos citados no parágrafo anterior (artigo 310.2 LCSP):

- Os anuncios de licitación, os pregos e os documentos contractuais que establezan as condicións que deban rexer a contratación,
- Os actos de trámite adoptados no procedemento de adxudicación, sempre que estes decidan directa ou indirectamente sobre a adxudicación, determinen a imposibilidade de continuar o procedemento ou produzan indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos. Consideraranse actos de trámite que determinan a imposibilidade de continuar o procedemento os actos da Mesa de Contratación polos que se acorde a exclusión de licitadores.
- Os acordos de adxudicación adoptados polos poderes adxudicadores.

Así, a impugnación do acordo de exclusión do recorrente é un acto susceptible deste recurso.

En relación ós requisitos subxectivos, a lei concede lexitimación activa para interpoñer este recurso ás persoas físicas e xurídicas cuxos dereitos ou intereses lexítimos víronse prexudicados ou poidan resultar afectados polas decisións obxecto de recurso (artigo 312 LCSP). O recorrente, CLECE, posúe lexitimación activa por ter sido admitido como licitador no procedemento de referencia e posteriormente resultar excluído.

Como requisitos formais a lei esixe que o recurso se anuncie previamente e se presente por escrito.

O escrito anunciando o recurso deberá especificar o acto do procedemento que vaia ser obxecto do mesmo, e se presentará ante o órgano de contratación no prazo de interposición do recurso (artigo 314.1 LCSP). Este escrito presentouse no Rexistro Xeral en data 22 de novembro de 2011.

O escrito de interposición do recurso deberá presentarse no rexistro do órgano de contratación ou no do órgano competente para a resolución do recurso (artigo 314.3 LCSP). No mesmo farase constar o acto recorrido, o motivo que fundamente o recurso, os medios de proba de que pretenda valerse o recorrente e, no seu caso, as medidas provisionais, cuxa adopción solicite (artigo 314.4 LCSP) e deberá acompañarse da seguinte documentación:

- O documento que acredite a representación do comparecente.*
- O documento ou documentos que acrediten a lexitimación do actor cando a ostente por haberlla transmitido outro por herdanza ou por calquera outro título.*
- A copia ou traslado do acto expreso que se recorra, ou indicación do expediente en que recaía ou do xornal oficial ou perfil de contratante en que se publicou.*
- O documento ou documentos en que funde o seu dereito.*
- O xustificante de dar cumprimento ó establecido no apartado 1 deste artigo.*

Circunstancias todas que concorren no escrito de recurso presentado por CLECE.

Por último, respecto os requisitos temporais, a lei fixa un prazo de interposición do recurso especial en materia de contratación de quince días hábiles contados a partir do seguinte a aquel en que se remita a notificación do acto impugnado. Neste mesmo prazo deberá presentarse o preceptivo escrito anunciando o recurso (artigo 314.1 e 2 LCSP). Dado que a exclusión recorrida lle foi notificada o recorrente en data 8 de novembro de 2011, o escrito de recurso presentado en data 22 de novembro do ano en curso foi interposto en prazo.

Tendo en conta que o recurso reúne os requisitos obxectivos, subxectivos, formais e temporais esixidos pola lei procede a súa admisión e deberá resolverse sobre o fondo do mesmo.

Cuarto.- O recorrente solicita a suspensión do presente procedemento ata que non se resolva o recurso especial que nos ocupa. A impugnación do acto de exclusión dun licitador pola mesa de contratación non produce efectos suspensivos na tramitación do expediente de contratación, efectos que a lei unicamente outorga a impugnación da adxudicación (artigo 315 LCSP). En consecuencia, procede continuar coa tramitación do mesmo ata a súa adxudicación.

Quinto.- Interposto o recurso, a lei impón o seu traslado ós restantes interesados, dentro dos cinco días hábiles seguintes á interposición, concedéndolles un prazo de cinco días hábiles para formular alegacións (artigo 316.3 LCSP). Evacuado este trámite, durante este prazo ningún dos licitadores admitidos neste procedemento formulou alegacións.

Sexto.- CLECE alega, en primeiro lugar que “a exclusión realizada non é conforme a dereito”. En xustificación da súa tese manifesta que o desglose presupostario é unha mera descomposición da oferta económica, que non modifica nin engade nada ó prezo ofertado e que non é obxecto de valoración. Cualifica este omisión como defecto material subsanable con apoio en diversos informes da Junta Consultiva de Contratación Administrativa e na xurisprudencia do Tribunal Supremo.

Continúa manifestando que ante a falla de regulación no PCAP da cualificación do contido do sobre C é preciso aplicar o artigo 71 da LRJAP, tal é como determina a doutrina xurisprudencial e cita a sentenza do TS de 6 de xullo de 2004.

Conclúe manifestando que en virtude ó exposto o non concederlle a esta entidade prazo de subsanación do defecto formal conleva a nulidade radical do acto administrativo impugnado e solicita a súa anulación e que se proceda a realizar unha nova adxudicación do contrato.

Efectivamente, a nosa lexislación contractual vixente se caracteriza pola prevalencia do principio antiformalista. A regulación da contratación administrativa persegue, entre outros obxectivos, acadar unha eficiente utilización dos fondos destinados á contratación de servizos (artigo 1 LCSP), o que implica a selección da oferta economicamente máis vantaxosa, a cal non pode quedar empeñada pola exclusión dos licitadores por defectos meramente formais. Pois non olvidemos que para acadar este obxectivo e necesario propiciar a maior concorrencia posible de licitadores nos procedementos contractuais promovidos polas administracións públicas, en aras de unha maior competencia.

Neste senso, reiterada xurisprudencia (por todas STS 4839/2004 ditada no recurso 265/2003) determina que “a Administración ante defectos meramente materiais debe procurar a súa subsanación (...) O acto de cualificación de documentos mira a excluír as proposicións dos empresarios que non cumpran os requisitos esenciais e indispensables previstos no prego de cláusulas administrativas, exclusión que, en todo caso, debe responder a criterios obxectivos.

Na súa función de cualificación da documentación presentada, a mesa de contratación debe outorgar os licitadores a posibilidade de subsanación dos defectos materiais advertidos. Así, no caso que nos ocupa, tivese procedido solicitarlle o recorrente a achega do desglose presupostario do servizo. A falta de aportación do mesmo pode cualificarse como defecto material ó non ser obxecto de valoración. É un dato que se solicita so a efectos meramente informativos para poder determinar a correcta composición do prezo.

Conclúe esta informante que procede a admisión do presente recurso, a estimación das alegacións formuladas e en consecuencia a anulación do acto recorrido.

Sétimo.- A competencia para a resolución do presente recurso no ámbito das Corporacións Locais, será determinada polas normas das Comunidades Autónomas cando estas teñan atribuída competencia normativa e de execución en materia de réxime local e contratación. A falta de previsión expresa na lexislación autonómica, a competencia corresponderá ó mesmo órgano ó que as Comunidades Autónomas en cuxo territorio se integran as Corporacións Locais atribúan a competencia para resolver os recursos do seu ámbito (artigo 311 LCSP). No entanto, a falta deste órgano autonómico, previsto na Lei de acompañamento ós presupostos da comunidade autónoma de Galicia para 2011, pero que aínda no ten sido creado por Decreto do goberno autonómico, no presente caso deberá resolver o recurso á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCS).

En mérito ó que antecede, SE PROPÓN Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Admitir o recurso especial en materia de contratación interposto por D. José Vicente Ortega Rey, en nome e representación de CLECE, S.A., mediante escrito con data de entrada no Rexistro xeral deste Concello de 22 de novembro de 2011.

2º.- Estimar as alegacións segunda e terceira formuladas no citado recurso polas razóns expostas no corpo deste escrito (fundamento xurídico sexto).

3º.- Anular o acto recorrido.

4º.- Notificar a presente resolución a todos os licitadores admitidos no procedemento.

5º.- Contra a resolución deste recurso procederá a interposición de recurso contencioso-administrativo conforme ó disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa (artigo 319 LCSP)” .

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(1570).- RECTIFICACIÓN DO IMPORTE DA PRÓRROGA DO CONTRATO MAIOR DE SERVIZOS SANITARIO ASISTENCIAIS A PERSOAS CON PROBLEMAS DERIVADOS DO CONSUMO DE DROGAS. EXPTE. 41015/301.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, do 26.12.11, conformado pola concelleira delegada da Área de Contratación, pola xefa do Servizo de Fiscalización e polo interventor xeral, que di o seguinte:

NORMATIVA APLICABLE:

Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (LCSP).

- *Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRJAP).*

ANTECEDENTES:

Por acordo da Xunta de Goberno Local de 01-09-2011 acordouse prorrogar o contrato maior de servizos sanitario asistenciais a persoas con problemas derivados do consumo de drogas por un importe de 654.446 euros.

Nesa cantidade non se tivo en conta o cambio do tipo impositivo do Ive que pasao do 7% fixado no prego de condicións ao 8% actual.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 1 de setembro de 2011, adoptou o seguinte acordo:

2.- MODIFICACIÓN E PRÓRROGA DO CONTRATO MAIOR DE SERVIZOS SANITARIO-ASISTENCIAIS A PERSOAS CON PROBLEMAS DERIVADOS DO CONSUMO DE DROGA. EXPTE. 41015/301.

Examinadas as actuacións do expediente:

A) Visto o informe xurídico, do 29.08.11, o informe de fiscalización do 30.08.11, e de acordo co informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 9.08.11, conformado pola concelleira delegada de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a modificación do contrato de servizo de apoio á unidade asistencial a drogodependentes "CEDRO", adxudicado á mercantil EUXA SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, S.L., pola Xunta de Goberno Local, en sesión de 5 de agosto de 2010, consistente en:

- *Redución da provisión de auxiliares de laboratorio en 1 praza.*
- *Aumento da provisión de psicólogos en 1 praza, con perfil de formación en avaliación e rehabilitación neuropsicolóxica.*

2º.- Aprobar o gasto de 10.488 € correspondente á citada modificación, que se imputará a aplicación presupostaria “3133.2279901- servizo metadona” e súa bolsa de vinculación.

3º.- Formalizar por escrito a presente modificación, de acordo co disposto no artigo 140 LCSP.

4º.- Comunicar a mesma ó Consello Consultivo de Galicia.

B) Así mesmo, de conformidade co informe-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, do 29.08.11, fiscalizado con data 30.08.11, a Xunta de Goberno local acorda:

Autoriza-la prórroga para o periodo comprendido entre o 01-09-2011 ó 31-08-2012 do contrato para a prestación dos servizos de apoio á unidade asistencial a drogodependientes CEDRO do que é actual contratista Euxa Servicios Sociosanitarios, S.L.

O importe da prórroga será de 654.446 euros euros, sen perxuízo das revisións de prezos que procedan.

Segundo.- Para calcular o importe do importe da prórroga non se tivo en conta o cambio de tipo do IVE (do 7% ao 8%) previsto no prego de condicións que rexiu a licitación e polo que presentou a oferta o adxudicatario (7%) e o actualmente vixente (8%).

Terceiro.- A lexislación de procedemento administrativo faculta ás administracións públicas a rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

Cuarto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto no apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP.

Así, en mérito ó exposto, SE PROPÓN Á XUNTA DE GOBERNO A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

“Rectificar o importe da prórroga do contrato para o periodo comprendido entre o 01-09-2011 ó 31-08-2012 do servizo de apoio á unidade asistencial a drogodependientes CEDRO que quedará fixada na cantidade de 660.464,30 euros.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe-proposta.

5(1571).- RENOVACIÓN DA MARCA “MARCO-MUSEO DE ARTE CONTEMPORÁNEA DE VIGO”. EXPTE. 3914/241.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da oficina Administrativa de Contratación, do 20.12.11, conformado pola concelleira delegada de Contratación, a Xunta de Goberno local acorda:

Comunicar á empresa Ungría Patentes y Marcas, SA. a resolución de renova-la marca nº 2.476.790 “Marco-Museo de Arte Contemporánea de Vigo” e gráfico, en clase 35.

6(1572).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA:

Examinadas as actuacións dos expedientes, vistos os informes de fiscalización e de acordo cos informes-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, a Xunta de Goberno local acorda:

A) Devolver a ESTUDIOS MEDIOAMBIENTALES Y PROYECTOS S.L. a fianza por importe de 5.528,11 € constituída para responder das obras de ampliación da rede de saneamento na parroquia de Coruxo, xa que as obras foron recibidas mediante acta de 16.12.10 por se executaren conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte. 2043/443.

B) Devolver a UMRER S.L. a fianza por importe de 6.422,41 € constituída para responder das obras na Oficina de Persoal xa que foron recibidas mediante acta de 4.08.09 por executarse conforme ás condicións do prego que rexeu á contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte. 3894/241.

7(1573).- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA AVDA. RAMÓN NIETO – FASE II. EXPTE. 1062/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do secretario da Mesa de Contratación, do 27.12.11, e a proposta do xefe de Área de Fomento, do 28.12.11, conformada polo concelleiro da Área de Fomento, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Adxudicar á mercantil HIDROMIÑO S.L. o procedemento aberto para a contratación DAS OBRAS DE HUMANIZACION DA AVENIDA DE RAMON NIETO FASE II, (EXPTE. 1062-440) por un prezo total de 1.350.000,24 euros, con un prazo de garantía de 60 meses, unha aportación ao control de calidade do 4% e unha aportación para a execución de melloras de 37.500 euros.

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

2º.- En relación á baixa ofertada pola empresa adxudicataria, apróbase a seguinte adecuación das anualidades para financiación deste proxecto:

1062/440	Humanización rúa Ramón Nieto. Fase II	licitación	1.500.000,00 €
		adxudicación	1.350.000,00 €

Nova distribución de anualidades:

	2011	2012	2013
Inicial	187.394,96 €	1.312.605,04 €	- €

Proposta	187.394,96 €	1.162.605,04 €	- €
----------	--------------	----------------	-----

8(1574).- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA DOUTOR MARAÑÓN. EXPTE. 1078/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do secretario da Mesa de Contratación, do 29.12.11, e a proposta do xefe de Área de Fomento, do 28.12.11, conformada polo concelleiro da Área de Fomento, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Adxudicar á mercantil CONSTRUCCIONES ALDASA S.L.U. o procedemento aberto para a contratación DAS OBRAS DE HUMANIZACION DA RUA DOTOR MARAÑÓN (EXPTE. 1078-440) por un prezo total de 726.300 euros, con un prazo de garantía de 60 meses, unha aportación ao control de calidade do 4% e unha aportación para a execución de melloras de 40.350 euros.

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

2º.- En relación á baixa ofertada pola empresa adxudicataria, apróbase a seguinte adecuación das anualidades para financiación deste proxecto:

1078/440	Humanización rúa Doutor Marañón. 1ª Fase	licitación	807.000,00 €
		adxudicacion	726.300,00 €

Nova distribución de anualidades:

	2011	2012	2013
Inicial	136.436,97 €	670.563,03 €	- €
Proposta	136.436,97 €	589.863,03 €	- €

9(1575).- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA BRASIL. EXPTE. 1063/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do secretario da Mesa de Contratación, do 27.12.11, e a proposta do xefe de Área de Fomento, do 28.12.11, conformada polo concelleiro da Área de Fomento, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Adxudicar á mercantil MOVEX VIAL S.L. o procedemento aberto para a contratación DAS OBRAS DE HUMANIZACION DA RUA BRASIL,(EXPTE. 1063-440) por un prezo total de 1.890.000,10 euros, con un prazo de garantía de 60 meses, unha aportación ao control de calidade do 4% e unha aportación para a execución de melloras de 105.000 euros.

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

2º.- En relación á baixa ofertada pola empresa adxudicataria, apróbase a seguinte adecuación das anualidades para financiación deste proxecto:

1063/440	Humanización da rúa Brasil. 1ª Fase	licitación	2.100.000,00 €
		adxudicación	1.890.000,00 €

Nova distribución de anualidades:

	2011	2012	2013
Inicial	82.352,94 €	1.167.647,06 €	850.000,00 €
Proposta	82.352,94 €	957.647,06 €	850.000,00 €

10(1576).- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO PARA A ADQUISICIÓN DUN SISTEMA DE ALMACENAMENTO DE ALTA CAPACIDADE. EXPTE. 5564/113.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do secretario da Mesa de Contratación, do 29.12.11, conformado pola xefa do Servizo de Fiscalización e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar á mercantil Internacional Perifericos y Memorias España, S.L o PROCEDEMENTO NEGOCIADO CON PUBLICIDADE PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DUN SISTEMA DE ALMACENAMENTO DE ALTA CAPACIDADE,(EXPTE. 5564-113) ” por un prezo total de 69.600 euros, con un prazo de entrega de 20 días naturais, e unha garantía de 36 meses para o hardware e 12 meses para o software e unha capacidade de almacenamento de 7.100 GB netos.

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

11(1577).- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA MARTÍNEZ GARRIDO. EXPTE. 1080/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do secretario da Mesa de Contratación, do 28.12.11, e a proposta do xefe de Área de Fomento, do 28.12.11, conformada polo concelleiro da Área de Fomento, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Adxudicar á mercantil SERCOYSA PROYECTOS Y OBRAS S.A. o procedemento aberto para a contratación DAS OBRAS DE DE HUMANIZACION DA RUA MARTINEZ GARRIDO FASE II,(EXPTE. 1080-440) ” por un prezo total de 2.250.000 euros, con un prazo de garantía de 60 meses, unha aportación ao control de calidade do 4% e unha aportación para a execución de melloras de 125.000 euros.

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

2º.- En relación á baixa ofertada pola empresa adjudicataria, apróbase a seguinte adecuación das anualidades para financiación deste proxecto:

1080/440	Humanización rúa Martínez Garrido. Fase II	licitación	2.500.000,00 €
		adxudicacion	2.250.000,00 €

Nova distribución de anualidades:

	2011	2012	2013
Inicial	153.991,60 €	946.008,40 €	1.400.000,00 €
Proposta	153.991,60 €	696.008,40 €	1.400.000,00 €

12(1578).- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE REFORMA INTERIOR DA EDIFICACIÓN COMO ESCOLA INFANTIL NA RÚA MESTRES GOLDAR EXPTE. 1064/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do secretario da Mesa de Contratación, do 28.12.11, e a proposta do xefe de Área de Fomento, do 28.12.11, conformada polo concelleiro da Área de Fomento, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Adjudicar á mercantil XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS S.L o procedemento aberto para a contratación DAS OBRAS DE REFORMA INTERIOR DE EDIFICACION PARA ESCOLA INFANTIL MESTRES GOLDAR,(EXPTE. 1064-440)” por un prezo total de 314.999,99 euros, con un prazo de garantía de 60 meses, unha aportación ao control de calidade do 4% e unha aportación para a execución de melloras de 17.500 euros.

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

2º.- En relación á baixa ofertada pola empresa adjudicataria, apróbase a seguinte adecuación das anualidades para financiación deste proxecto:

1064/440	Reforma interior de edificación coma escola infantil na rúa Mestres Goldar do Concello de Vigo	licitación	349.999,99 €
		adxudicacion	314.999,99 €

Nova distribución de anualidades:

	2011	2012	2013
Inicial	160.000,00 €	189.999,99 €	- €
Proposta	160.000,00 €	154.999,99 €	- €

13(1579).- RECTIFICACIÓN DO ACORDO SOBRE NOMEAMENTO INTERINO DUN AXENTE TIC PARA A EXECUCIÓN DO PROGRAMA DE CARÁCTER TEMPORAL “REDE CEMIT” DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 8693/77.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Desenvolvemento Local e Emprego do 28.12.11, conformado polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local de data 12/07/2010, adoptou o acordo de “Adhesión á Rede de Centros para a modernización e inclusión tecnolóxica (Rede CeMit)”, encomendando ao servizo de Desenvolvemento Local e Emprego a tramitación do protocolo de adhesión e a elaboración das bases de selección do axente TIC.

Con data 4 de maio de 2011 e mediante sinatura electrónica o Sr. Alcalde asinou o protocolo de “Adhesión á Rede de Centros para a modernización e inclusión tecnolóxica (Rede CeMit)”, no que se establecía na aúa cláusula CUARTA.- DURACIÓN.

“O presente Protocolo de Adhesión producirá efecto dende a súa sinatura e manterá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2012, prorrogable por períodos anuais previa valoración e verificación do cumprimento das obrigas e da dispoñibilidade orzamentaria existente.”

Posteriormente e con data 1 de xullo de 2011 en sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, adoptou o correspondente o seguinte acordo:

NOMEAMENTO INTERINO DUN AXENTE TIC PARA A EXECUCIÓN DO PROGRAMA DE CARÁCTER TEMPORAL “REDE CEMIT” NO TELECENTRO DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 8316/77.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 29.06.11, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Promoción Económica e Emprego, do 28.06.11, conformado polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, a Xunta de Goberno local acordou:

Primeiro.- Declarar a urxencia no nomeamento dunha funcionaria interina para a execución do programa de carácter temporal, “Rede de centros para a modernización e inclusión tecnolóxica (Rede CeMIT) de Fomento do uso das novas tecnoloxías da información e comunicación para o Telecentro do Concello de Vigo, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.c) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, xustificada na subvención otorgada pola Xunta de Galicia, unha vez formalizado o convenio de adhesión con data 06 de maio de 2011, logo de solicitala a Xunta de Goberno Local de data 12 de xullo de 2010 e de aprobar as bases de selección en datas 18 de abril e 23 de maio de 2011.

Segundo.- Autorizar o gasto para facer fronte ao nomeamento, ata o 31 de decembro de 2011, por un importe de 16.211,00€, con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias, previstas no vixente orzamento, dentro do Capítulo I de gastos e distribuído conforme ao seguinte:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA		IMPORTE (€)
2410..1310005	CONTRATACIÓN AXENTE TIC	12.384,26
2410..1600005	SEGURIDADE SOCIAL AXENTE TIC	3.826,74
TOTAL		16.211,00

Terceiro.- Nomear como funcionaria interina para a execución do programa de carácter temporal, ata o 31 de decembro de 2011:

- Como Axente TIC (grupo C1, nivel de complemento de destino 19 e complemento específico 316) para a execución do programa de carácter temporal “Rede de centros para a modernización e inclusión tecnolóxica (Rede CeMIT) de Fomento do uso das novas tecnoloxías da información e comunicación para o Telecentro do Concello de Vigo:

Nº	Apelidos e nome	DNI
1	Neri Crespo, Cecilia	42854155A

Realizando funcións propias como axente TIC, no desenvolvemento do proxecto “De fomento do uso das novas tecnoloxías da información e comunicación”, segundo as bases de selección para este posto, aprobadas en Xunta de Goberno Local de data 18 de abril e de 23 de maio de 2011, no marco do protocolo de adhesión á rede de centros para a modernización e inclusión tecnolóxica da Xunta de Galicia (Rede CeMIT) entre a Xunta de Galicia e o Concello de Vigo e a Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, art. 10 Funcionarios interinos, punto 1, letra c) A execución de programas de carácter temporal.

- E no suposto dunha eventual renuncia, como suplente de axente TIC (grupo C1, nivel de complemento de destino 19 e complemento específico 316) para a execución do programa de carácter temporal “Rede de centros para a modernización e inclusión tecnolóxica (Rede CeMIT) de Fomento do uso das novas tecnoloxías da información e comunicación para o Telecentro do Concello de Vigo:

Nº	Apelidos e nome	DNI
1	Rodríguez Peleteiro, M ^a Ángeles	36066068K

Cuarto.- Este nomeamento farase de conformidade co disposto no Art. 10.1.c) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, ata o 31 de decembro de 2011, e continuaría en vigor en canto se prorrogue o convenio, por períodos anuais previa valoración e verificación por parte da Xunta de Galicia do cumprimento das obrigas e da dispoñibilidade orzamentaria existente, así dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ó seu nomeamento, dacordo co art. 10 apartado 3.

Quinto.- Dito nomeamento, percibirá como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinada, a establecida para un posto de traballo de grupo C1, nivel de complemento de destino 19 e complemento específico 316, administrativo, sendo adscrita ao departamento de Emprego (Código 108)

Sexto.- A xornada laboral desta traballadora nomeada, desenvolverase preferentemente en xornada continuada de mañá -07:45 a 15:00 horas-. En calquera caso, contarase con dispoñibilidade horaria para traballar en quenda de tarde, si por requerimento do Servizo fose necesario.

Sétimo.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Tendo en conta que o protocolo de “Adhesión á Rede de Centros para a modernización e inclusión tecnolóxica (Rede CeMit), asinado electrónicamente polo Concello de Vigo e a Xunta de Galicia, establece na súa cláusula CUARTA unha vixencia ata o 31 de decembro de 2012, e o apartado Terceiro do acordo da Xunta de Goberno Local de data 1 de xullo de 2011, establece por erro como data de remate do programa de carácter temporal o 31 de decembro de 2011, é preciso subsanar o erro detectado coa finalidade de adecuar o contrato da Axente TIC á vixencia do protocolo asinado.

Polo anteriormente exposto, PROPOÑO a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1. Aprobar a corrección de erros que deseguido se relacionan do NOMEAMENTO INTERINO DUN AXENTE TIC PARA A EXECUCIÓN DO PROGRAMA DE CARÁCTER TEMPORAL “REDE CEMIT” NO TELECENTRO DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 8316/77.

1. No apartado Terceiro:

Substituir no parágrafo primeiro onde di “ata 0 31 de decembro de 2011” por “ata 0 31 de decembro de 2012”.

2. O gasto para facer fronte aos custes salariais derivadas da contratación realizaranse con cargo as aplicacións presupostarias xeradas con cargo aos gastos subvencionables establecida no protocolo de adhesión á Rede CeMit.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(1580).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN Á ENTIDADE LOCAL MENOR DE BEMBRIVE PARA REALIZAR AS OBRAS DO PROXECTO “BEIRARRÚAS E REFORZO DE FIRME NAS RÚAS PARROCHA E MIRAFLORES EN BEMBRIVE”. EXPTE. 2034/443.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Fomento, do 27.12.11, que di o seguinte:

A Entidade Local Menor de Bembrive presenta o proxecto de Beirarrúas e reforzo de firme nas Rúa Parrocha e Miraflores, na parroquia de Bembrive, redactado polo Enxeñeiro Técnico Industrial, D. Íñigo Carrasco Gago, cun orzamento base de licitación de 235.727,42 Euros (douscentos trinta e cinco mil setecentos vinte sete euros con coarenta e dous céntimos).

Trátase de dotar dunha maior accesibilidade para o tráfico rodado nas rúas Parrocha e Miraflores xa que éstas permiten a interconexión de distintos núcleos de poboación da parroquia e soportan un tránsito moi elevado.

A Oficina de Supervisión de Proxectos e Inspección Técnica de Obras emite informe o pasado 29 de novembro indicando que a documentación do proxecto considérase completa tendo en conta a normativa técnica de aplicación.

Os Servizos Técnicos da Xerencia de Urbanismo, emiten en data 9 de decembro, informe favorable sobre o proxecto de referencia.

Por todo o anteriormente exposto, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

1º.- Autorizar á Entidade Local Menor de Bembrive, con cargo aos seus orzamentos, a realización das obras recollidas no proxecto redactado pola Enxeñeiro Técnico Industrial D. Íñigo Carrasco Gago, para a realización de Beirarrúas e reforzo de firme nas Rúas Parrocha e Miraflores en Bembrive, por importe de 235.727,42 Euros, tendo en conta que tanto a Dirección Técnica da Obra como a coordinación de Seguridade e Saúde correrá tamén por conta da citada entidade.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe-proposta.

15(1581).- XUSTIFICANTES DE LIBRAMENTOS.

Examinados os xustificantes de libramentos remitidos por Intervención Xeral, a Xunta de Goberno local acorda aprobar a seguinte relación dos mesmos:

NOME	O.PAGO	IMPORTE	XUSTIFI- CAC.	REINT.	S/FAVOR
CABRERA RIANDE JORGE	11054729	500,00	451,64	48,36	----
CABRERA RIANDE JORGE	11065052	59,02	59,02	----	----
ESCARIZ COUSO ALBERTO	11052534	3.000,00	2.206,00	794,00	----
ESCARIZ COUSO ALBERTO	11073766	400,00	400,00	----	----
ESCARIZ COUSO ALBERTO	11077344	2.100,00	2.100,00	----	----
ESPADA RE CAREY LUIS	11058915	500,00	166,62	333,38	----
ESPADA RE CAREY LUIS	11059874	500,00	134,48	365,52	----
ESPADA RE CAREY LUIS	11059875	500,00	496,30	03,70	----
FERNANDEZ FERNANDEZ PAZ	11060877	36.375,00	36.000,00	375,00	----
QUINTELA RODRIGUEZ Mª JOSE	11071264	3.625,00	3.600,00	25,00	----
QUINTELA RODRIGUEZ Mª JOSE	11071824	243.000,00	242.997,46	2,54	----
SAN LUIS COSTAS AVELINO	11063589	1.000,00	1.009,95	----	9,95
TOTAL		291.559,02	289.621,47	1.947,50	9,95

NOME	O.PAGO	IMPORTE	XUSTIFI CAC.	REINT.	S/FAVOR
ABALDE COMESAÑA RAQUEL	11045776	3.000,00	2.996,75	3,25	----
BERNARDEZ FERNANDEZ DOLORES	11028887	300,00	251,62	48,38	----
CABRERA RIANDE JORGE	11052535	310,11	310,11	----	----
CABRERA RIANDE JORGE	11052536	120,00	120,00	----	----
CABRERA RIANDE JORGE	11052848	250,00	192,90	57,10	----
CASTILLO MARTIN CARMELO	11055365	3.000,00	2.035,49	964,51	----
CASTILLO MARTIN CARMELO	11055366	600,00	340,05	259,95	----
COMESAÑA ALEN JUAN RAMON	11038534	1.200,00	338,50	861,50	----
COMESAÑA ALEN JUAN RAMON	11038535	987,00	917,54	69,46	----
COMESAÑA ALEN JUAN RAMON	11043190	1.500,00	1.487,92	12,08	----
FERNANDEZ FERNANDEZ PAZ	11054731	50.000,00	50.000,00	----	----
MAGDALENA VILA Mª JESUS	11047574	200,00	137,20	62,80	----
NUÑEZ ABOY MARTA	11052791	39.940,00	39.940,00	----	----
OTERO LAMAS FRANCISCO	11047675	1.000,00	707,51	292,49	----
QUINTELA RODRIGUEZ Mª JOSE	11050116	25.000,00	24.840,18	159,82	----
SAN LUIS COSTAS AVELINO	11032484	2.000,00	1.977,67	22,33	----
SAN LUIS COSTAS AVELINO	11032486	700,00	685,39	14,61	----
SAN LUIS COSTAS AVELINO	11048329	1.000,00	747,41	252,59	----
TOTAL		131.107,11	128.026,24	3.080,87	0,00

TOTAL XUSTIFICADO 128.026,24.-

16(1582).- EXECUCIÓN DE SENTENZA Nº 455/11 DO XULGADO DO SOCIAL Nº 1 DE VIGO NO PROCEDIMENTO 310/2011 INTERPOSTO POR D. CARLOS SOTO ÁLVAREZ. EXPTE. 22492/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 23.12.11 e de acordo co informe-proposta da técnica de Xestión, do 4.11.11, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Tomar razón da sentenza nº 455/2011 do Xulgado do Social Nº 1 de Vigo e en consecuencia proceder a dar cumprimento á execución de títulos xudiciais 220/2011, no procedemento 310/2011, sobre recoñecemento cantidades, nos autos seguidos a instancia de Carlos Soto Alvarez.

SEGUNDO.- Dispoñer, en execución de sentenza, se proceda ao aboamento a D. Carlos Soto Alvarez, con DNI 35966988-W e nº de persoal 16685 dun importe de 72.985,49 € de principal

en concepto de produtividade, así como 7.200 € fixados provisionalmente para intereses e costas imputables a aplicación orzamentaria 92201410000, dos vixentes orzamentos municipais para o exercicio económico 2011.

TERCEIRO.- Dar conta do presente acordo ó Xulgado do Social nº 1 de Vigo ós oportunos efectos en relación coa providencia xudicial que se executa a través da representación legal do Concello no referido procedemento xudicial, notificando asemade ao Servizo de Asesoría Xurídica, Intervención Xeral, Xefatura da Área de Réxime Interior e Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización) aos efectos que procedan.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

17(1583).- EXECUCIÓN DE TÍTULOS XUDICIAIS 290/2011 DO XULGADO DO SOCIAL Nº 2 DE VIGO, NO PROCEDEMENTO 977/2010, SOBRE RECOÑECEMENTO DE CANTIDADES A D^a. ANA M^a MOURIZ MARTÍNEZ. EXPTE. 22601/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 23.12.11 e de acordo co informe-proposta da técnica de Xestión, do 16.12.11, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Tomar razón da sentenza nº 467/2011 e proceder a dar cumprimento á execución de títulos xudiciais 290/2011 do Xulgado do Social Nº 2 dos de Vigo, no procedemento 977/2010, sobre recoñecemento cantidades, nos autos seguidos a instancia de D^a Ana María Mouriz Martínez, con DNI 36096763-B, en relación con dita sentenza de abono de diferencias salariais no período comprendido entre o 1 de agosto de 2009 e 31 de xullo de 2010, por importe de 13.497,08 €.

SEGUNDO.- Dispoñer que se proceda aos descontos das cantidades regulamentarias polos conceptos de seguridade social a cargo da traballadora (692,16 €) e IRPF (2.024,56 €), efectuando o correspondente ingreso na conta do Xulgado do Social Nº 2 mediante transferencia bancaria na conta nº 0030 1846 42 0005001274, debendo indicar en concepto: expte. 3627 0000 64 029011. (10.780,36 € que deberán percibila traballadora)

TERCEIRO.- Dispoñer que polo Negociado de Seguridade Social se proceda a realizar a oportuna liquidación e cotización (L03) á seguridade social, pola parte correspondente á seguridade social do traballador e da empresa.

CUARTO.- Dar conta do presente acordo ó Xulgado do Social nº 2 de Vigo ós oportunos efectos en relación coa providencia xudicial que se executa a través da representación legal do Concello no referido procedemento xudicial, notificando asemade ao Servizo de Asesoría Xurídica, Intervención Xeral, Xefatura de Desenvolvemento Local e Emprego, Xefatura da Área de Réxime Interior e Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización-Seguridade Social) aos efectos que procedan.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

18(1584).- EXECUCIÓN DE TÍTULOS XUDICIAIS 291/2011 DO XULGADO DO SOCIAL Nº 2 DOS DE VIGO NO PROCEDIMENTO 978/2010, SOBRE RECOÑECIMENTO DE CANTIDADES A D^a. M^a DEL CARMEN MOURIÑO BARROS. EXPTE. 22605/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 23.12.11 e de acordo co informe-proposta da técnica de Xestión, do 16.12.11, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Tomar razón da sentenza nº 468/2011 e proceder a dar cumprimento á execución de títulos xudiciais 291/2011 do Xulgado do Social Nº 2 dos de Vigo, no procedemento 978/2010, sobre recoñecemento cantidades, nos autos seguidos a instancia de D^a M^a del Carmen Mouriño Barros, con DNI 36034765-K, en relación con dita sentenza de abono de diferenzas salariais no período comprendido entre o 1 de agosto de 2009 e o 31 de xullo de 2010, por importe de 6.296,85 €, máis 1.007,00 € fixados para intereses e costas provisionais.

SEGUNDO.- Dispoñer que se proceda aos descontos das cantidades regulamentarias polos conceptos de seguridade social a cargo da traballadora (403,00€) e IRPF (944,53 €), efectuando o correspondente ingreso na conta do Xulgado do Social Nº 2 mediante transferencia bancaria na conta nº 0030 1846 42 0005001274, debendo indicar en concepto: expte. 3627 0000 64 029111. (4.949,31€ de principal e 1.007,00 € de intereses que deberá percibila traballadora)

TERCEIRO.- Dispoñer que polo Negociado de Seguridade Social se proceda a realizar a oportuna liquidación e cotización (L03) á seguridade social, pola parte correspondente á seguridade social do traballador e da empresa.

CUARTO.- Dar conta do presente acordo ó Xulgado do Social nº 2 de Vigo ós oportunos efectos en relación coa providencia xudicial que se executa a través da representación legal do Concello no referido procedemento xudicial, notificando asemade ao Servizo de Asesoría Xu-

rídica, Intervención Xeral, Xefatura de Desenvolvemento Local e Emprego, Xefatura da Área de Réxime Interior e Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización-Seguridade Social) aos efectos que procedan.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

19(1585).- EXECUCIÓN DE TÍTULOS XUDICIAIS 310/2011 DO XULGADO DO SOCIAL Nº 3 DOS DE VIGO NO PROCEDIMENTO 410/2011, SOBRE RECOÑECEMENTO DE CANTIDADES A D^a. ARANZAZU VICTORIA PRIETO VALDENEBRO. EXPTE. 22604/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 23.12.11 e de acordo co informe-proposta da técnica de Xestión, do 16.12.11, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Tomar razón da sentenza nº 564/2011 e proceder a dar cumprimento á execución de títulos xudiciais 310/2011 do Xulgado do Social Nº 3 dos de Vigo, no procedemento 410/2011, sobre recoñecemento cantidades, nos autos seguidos a instancia de D^a Aranzazu Victoria Prieto Valdenebro, con DNI 36140298-F, en relación con dita sentenza de abono de diferenzas salariais no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 29 de decembro de 2010, por importe de 9.643,66 € de principal e 2.410,00 € de intereses e costas.

SEGUNDO.- Dispoñer que se proceda aos descontos das cantidades regulamentarias polos conceptos de seguridade social a cargo da traballadora (617,19 €) e IRPF (1.466,55 €), efectuando o correspondente ingreso na conta do Xulgado do Social Nº 3 mediante transferencia bancaria na conta nº 0030 1846 42 0005001274, debendo indicar en concepto: expte. 3628 0000 64 031011. (9.989,92 €, -7.579,92 que deberán percibila traballadora máis 2.410 € de intereses e costas)

TERCEIRO.- Dispoñer que polo Negociado de Seguridade Social se proceda a realizar a oportuna liquidación e cotización (L03) á seguridade social, pola parte correspondente á seguridade social do traballador e da empresa.

CUARTO.- Dar conta do presente acordo ó Xulgado do Social nº 3 de Vigo ós oportunos efectos en relación coa providencia xudicial que se executa a través da representación legal do Concello no referido procedemento xudicial, notificando asemade ao Servizo de Asesoría Xurídica, Intervención Xeral, Xefatura de Desenvolvemento Local e Emprego, Xefatura da Área de Réxime Interior e Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización-Seguridade Social) aos efectos que procedan.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

20(1586).- EXECUCIÓN DE TÍTULOS XUDICIAIS 314/2011 DO XULGADO DO SOCIAL Nº 3 DOS DE VIGO NO PROCEDIMENTO 1001/2010, SOBRE RECOÑECEMENTO DE CANTIDADES A D^a. SONIA RODRÍGUEZ RICART. EXPTE. 22603/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 23.12.11 e de acordo co informe-proposta da técnica de Xestión, do 16.12.11, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Tomar razón da sentenza e proceder a dar cumprimento á execución de títulos xudiciais 314/2011 do Xulgado do Social Nº 3 dos de Vigo, no procedemento 1001/2010, sobre recoñecemento cantidades, nos autos seguidos a instancia de D^a Sonia Rodríguez Ricart, con DNI 36084378-T, en relación con dita sentenza de abono de diferencias salariais no período comprendido entre o 1 de agosto de 2009 e o 31 de xullo de 2010, por importe de 14.185,63 €, máis 1.418,56 € fixados para intereses e costas provisionais.

SEGUNDO.- Dispoñer que se proceda aos descontos das cantidades regulamentarias polos conceptos de seguridade social a cargo da traballadora (907,88 €) e IRPF (2.127,84 €), efectuando o correspondente ingreso na conta do Xulgado do Social Nº 3 mediante transferencia bancaria na conta nº 0030 1846 42 0005001274, debendo indicar en concepto: expte. 3628 0000 64 031411. (11.149,90 € de principal e 1.418,56 € de intereses que deberá percibila traballadora)

TERCEIRO.- Dispoñer que polo Negociado de Seguridade Social se proceda a realizar a oportuna liquidación e cotización (L03) á seguridade social, pola parte correspondente á seguridade social do traballador e da empresa.

CUARTO.- Dar conta do presente acordo ó Xulgado do Social nº 3 de Vigo ós oportunos efectos en relación coa providencia xudicial que se executa a través da representación legal do Concello no referido procedemento xudicial, notificando asemade ao Servizo de Asesoría Xurídica, Intervención Xeral, Xefatura de Desenvolvemento Local e Emprego, Xefatura da Área de Réxime Interior e Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización-Seguridade Social) aos efectos que procedan.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

21(1587).- EXECUCIÓN DE TÍTULOS XUDICIAIS 248/2011 DO XULGADO DO SOCIAL Nº 4 DOS DE VIGO NO PROCEDIMENTO 1061/2010, SOBRE RECOÑECIMENTO DE CANTIDADES A Dª MILAGROS CALVIÑO GROBA. EXPTE. 22602/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 23.12.11 e de acordo co informe-proposta da técnica de Xestión, do 16.12.11, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Tomar razón da sentenza nº 427/2011 e proceder a dar cumprimento á execución de títulos xudiciais 248/2011 do Xulgado do Social Nº 4 dos de Vigo, no procedemento 1061/2010, sobre recoñecemento cantidades, nos autos seguidos a instancia de Dª Milagros Calviño Groba, con DNI 34869879-Q, en relación con dita sentenza de abono de diferencias salariais no período comprendido entre o 10 de outubro de 2008 e o 25 de outubro de 2010, por importe de 15.239,42 €

SEGUNDO.- Dispoñer que se proceda aos descontos das cantidades regulamentarias polos conceptos de seguridade social a cargo da traballadora (975,32 €) e IRPF (2.285,91 €), efectuando o correspondente ingreso na conta do Xulgado do Social Nº 4 mediante transferencia bancaria na conta nº 0030 1846 42 0005001274, debendo indicar en concepto: expte. 3629 0000 64 024811. (11.978,18 € que deberán percibila traballadora)

TERCEIRO.- Dispoñer que polo Negociado de Seguridade Social se proceda a realizar a oportuna liquidación e cotización (L03) á seguridade social, pola parte correspondente á seguridade social do traballador e da empresa.

CUARTO.- Dar conta do presente acordo ó Xulgado do Social nº 4 de Vigo ós oportunos efectos en relación coa providencia xudicial que se executa a través da representación legal do Concello no referido procedemento xudicial, notificando asemade ao Servizo de Asesoría Xurídica, Intervención Xeral, Xefatura de Desenvolvemento Local e Emprego, Xefatura da Área de Réxime Interior e Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización-Seguridade Social) aos efectos que procedan.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no

prazo de 2 meses dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

22(1588).- CONCESIÓN DUNHA AXUDA ECONÓMICA A D. EDUARDO VALEIJE ALVAREZ, TITULAR LICENZA Nº 128 (EUROTAXI). EXPTE. 81547/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Transportes, do 20.12.11, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Mobilidade, Transporte e Seguridade e pola concelleira de Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Adxudicar a D. Eduardo Valeije Alvarez, titular da licenza nº 128, con D.N.I 36075103-V, a cantidade de 2.000 €, como adxudicatario dun vehículo adaptado EUROTAXI, en concepto de axuda económica concedida pola FUNDACION ONCE, para a adquisición do citado vehículo unha vez acreditada a adquisición do vehículo e a súa adaptación, con cargo á partida 1330-770.00.00.

2º.- Transferir dita cantidade á empresa FUNDOSA ACCESIBILIDADE, S.A, de conformidade coa cláusula III do Convenio asinado en data 18 de xuño de 2010 entre o IMSERSO, a Fundación ONCE e o Concello de Vigo e de acordo co documento de cesión asinado en data 23 de setembro de 2010 por D. Eduardo Valeije Alvarez, titular da licenza nº 128, no cal cede a Fundosa Accesibilidad, S.A, en calidade de empresa subministradora de vehículos adaptados, o dereito de cobro do importe da cofinanciación obtida para a adquisición do vehículo marca CITROEN, modelo C8 PREMIER HDI e matrícula 7818 GYY.

23(1589).- CONCESIÓN DUNHA AXUDA ECONÓMICA A D. ROBINSON ÁLVAREZ BUGARÍN, TITULAR DA LICENZA Nº 237 (EUROTAXI). EXPTE. 81545/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Transportes, do 20.12.11, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Mobilidade, Transporte e Seguridade e pola concelleira de Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Adxudicar a D. Robinson Alvarez Bugarín, titular da licenza nº 237, con D.N.I 053396778-N, a cantidade de 2.000 €, como adxudicatario dun vehículo adaptado EUROTAXI, en concepto de axuda económica concedida pola FUNDACION ONCE, para a adquisición do citado vehículo unha vez acreditada a adquisición do vehículo e a súa adaptación, con cargo á partida 77000.

2º.- Transferir dita cantidade á empresa FUNDOSA ACCESIBILIDADE, S.A, de conformidade coa cláusula III do Convenio asinado en data 18 de xuño de 2010 entre o IMSERSO, a Fundación ONCE e o Concello de Vigo e de acordo co documento de cesión asinado en data 30 de decembro de 2010 por D. Robinson Alvarez Bugarín, titular da licenza nº 237, no cal

cede a Fundosa Accesibilidad, S.A, en calidade de empresa subministradora de vehículos adaptados, o dereito de cobro do importe da cofinanciación obtida para a adquisición do vehículo marca CITROEN, modelo C8 PREMIER HDI e matrícula 6319 HBK.

24(1590).- CONCESIÓN DUNHA AXUDA ECONÓMICA A D. DIEGO LUIS DÍAZ, TITULAR DA LICENZA Nº 279 (EUROTAXI). EXPTE. 81546/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Transportes, do 20.12.11, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Mobilidade, Transporte e Seguridade e pola concelleira de Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Adxudicar a D. Diego Luis Díaz, titular da licenza nº 279, con D.N.I 53173631-T, a cantidade de 2.000 €, como adxudicatario dun vehículo adaptado EUROTAXI, en concepto de axuda económica concedida pola FUNDACION ONCE, para a adquisición do citado vehículo unha vez acreditada a adquisición do vehículo e a súa adaptación, con cargo á partida 77000.

2º.- Transferir dita cantidade á empresa FUNDOSA ACCESIBILIDADE, S.A, de conformidade coa cláusula III do Convenio asinado en data 18 de xuño de 2010 entre o IMSERSO, a Fundación ONCE e o Concello de Vigo e de acordo co documento de cesión asinado en data 23 de setembro de 2010 por D. Diego Luis Díaz, titular da licenza nº 279, no cal cede a Fundosa Accesibilidad, S.A, en calidade de empresa subministradora de vehículos adaptados, o dereito de cobro do importe da cofinanciación obtida para a adquisición do vehículo marca VOLKSWAGEN, modelo CADDY e matrícula 1632 GYZ.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

25(1591).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN LISTE- MUSEO ETNOGRÁFICO DE VIGO PARA UN PROGRAMA DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN E DIFUSIÓN DO PATRIMONIO ETNOGRÁFICO. EXPTE. 38/330.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 29.12.11, o informe de fiscalización do 29.10.11, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, do 29.12.11, conformado pola concelleira-delegada da Área de Cultura, Festas e Política de Benestar, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o texto, que se achega no expediente, para o convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Fundación Liste – Museo Etnográfico de Vigo para o financiamento dun programa de actividades de promoción e difusión do Patrimonio Etnográfico.

2º.- Facultar á concelleira-delegada da Área de Cultura, Festas e Política de Benestar a asinar o citado convenio.

3º.- Aprobar o gasto de 40.000 (CORENTA MIL) euros, con cargo á partida 3360.4890000 do vixente orzamento xeral do Concello, cantidade correspondente á aportación económica municipal a dito convenio, a favor da FUNDACIÓN LISTE, CIF G-36855310.

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN LISTE – MUSEO ETNOGRÁFICO DE VIGO PARA UN PROGRAMA DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN E DIFUSIÓN DO PATRIMONIO ETNOGRÁFICO

En Vigo adede 2011.

Na Casa do Concello de Vigo,

REUNIDOS

Dunha parte, dona Isaura Abelairas Rodríguez, na súa calidade de concelleira-delegada da área de Cultura, Festas e Política de Benestar do Concello de Vigo, na representación legal da mesma, en virtude do decreto da Alcaldía de 16 de xuño e posterior modificación de 1 de agosto de 2011, sobre delegación de atribucións de competencias.

Doutra, don Olimpio Liste Regueiro como presidente da Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo, CIF G-36.855.310, e enderezo social en Vigo, na rúa da Pastora, nº 22, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos.

Tendo, daquela, os comparecentes, a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

E X P O Ñ E N

Primeiro.- O artigo 4 da Lei 8/1995, do Patrimonio Cultural de Galicia, determina que os concellos teñen a obriga de protexer, defender, realzar e dar a coñecer o valor cultural dos bens integrantes do patrimonio cultural de Galicia que se ubiquen no seu termo municipal.

Igualmente, o artigo 62 de dita Lei 8/95, define o patrimonio etnográfico como “os lugares e os bens mobles e inmobles, así como as actividades e coñecementos que constitúan formas relevantes ou expresión da cultura e modos de vida tradicionais e propios do pobo galego nos seus aspectos materiais e inmateriais”.

Segundo.- A Fundación Liste, clasificada de Interese Cultural por Orde da Consellería da Presidencia e Administración Pública de 1 de setembro de 1999, e declarada de Interese galego pola Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, o 18 de outubro de 1999, ten como finalidades prioritarias a promoción e difusión do Patrimonio etnográfico galego e a xestión do Museo Etnográfico de Vigo, que acolle a máis de 2.500 pezas de gran valor do patrimonio etnográfico.

O Concello de Vigo é cofundador da Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo, conforme á súa Acta Fundacional, xunto a D. Olimpio Liste Regueiro e a súa esposa Dna. Josefina Fernández Mosquera.

Terceiro.- Á vista dos fins e competencias de ambas institucións, resulta de interese común a programación dunha serie de actividades dirixidas especificamente á promoción e difusión do patrimonio etnográfico de Vigo, a realizar dende o único museo etnográfico existente na cidade

Deste xeito, xustifícase a non concurrencia pública destas axudas, posto que non existe na cidade un equipamento museístico que teña como obxecto principal a promoción e difusión do patrimonio etnográfico, ademais de contar cunha colección de 2.500 pezas de gran valor para o coñecemento do patrimonio etnográfico.

ESTIPULACIONES

Primeira. OBXECTO.-

O presente convenio ten por obxecto financiar un programa de actividades dirixidas á promoción e difusión do patrimonio etnográfico de Vigo, que debe conter: exposicións temporais guiadas; obradoiros didácticos dirixidos aos nenos; actividades didácticas específicas para adultos; así como actividades con grupos especiais.

Segunda. RÉXIME XURÍDICO.-

As axudas rexeranse:

- a) Pola Lexislación básica do Estado, Lei 38/2003, Xeral de Subvencións e Regulamento que a desenvolve.*
- b) Pola Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común*
- c) Pola Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia*

Terceira. VIXENCIA.

A vixencia do presente convenio, comezará o día da súa sinatura e estenderase ata o día 31 de decembro de 2011, prazo que poderá ser prorrogado mediante acordo das partes, durante a vixencia do mesmo, de existir razóns suficientes que xustifiquen a mesma.

Cuarta. OBRIGAS DO CONCELLO.

A contribución do Concello de Vigo, con cargo aos seus orzamentos, do financiamento do programa obxecto deste convenio consistirá na aportación de corenta mil euros (40.000 €), con cargo á partida 3360.4890000 do vixente orzamento xeral do Concello.

O aboamento da aportación farase ao longo da vixencia do presente convenio e, en calquera caso, a medida que sexan realizadas as actividades, achegando a tales efectos documentación que xustifique os gastos efectuados, así como unha memoria das actividades realizadas.

O Concello de Vigo reservase a facultade de supervisión das actividades.

Quinta. OBRIGAS DA FUNDACIÓN LISTE – MUSEO ETNOGRÁFICO DE VIGO.

A Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo ten a obriga de desenvolver as seguintes actividades relacionadas directamente coa promoción e difusión do patrimonio etnográfico:

- exposicións temporais guiadas.*
- obradoiros didácticos dirixidos aos nenos.*
- actividades didácticas específicas para adultos.*
- actividades con grupos especiais.*

Sexta. PUBLICIDADE.

A participación das entidades que asinan o presente Convenio deberá facerse constar en toda a información pública que se edite.

Sétima. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO.

En orde ao seguimento das actuacións do presente convenio crease a Comisión Bilateral de Seguimento composta por un representante de cada unha das institucións asinantes, nomeados para o efecto polo Sr. Alcalde do Concello de Vigo e polo Sr. Presidente da Fundación Liste – Museo Etnográfico de Vigo

Oitava. EXTINCIÓN.

O presente Convenio extinguirase por resolución e por conclusión ou cumprimento do mesmo.

Serán causas de resolución:

- 1. O incumprimento dalgúns dos pactos contidos no presente documento.*
- 2. O mútuo acordo das partes.*
- 3. Calquera outras que, se é o caso, fosen de aplicación de acordo coa lexislación vixente.*

O incumprimento das actuacións inversoras previstas no presente Convenio darán lugar á devolución das cantidades aportadas polas respectivas Administracións.

Novena. RÉXIME XURÍDICO DO CONVENIO.

Ao presente Convenio non lle será de aplicación a lexislación de Contratos do Estado, conforme ao disposto no artigo 4.c do RDL 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei

de Contratos do Sector Público, coas salvidades, contidas no apartado 2 do mesmo artigo, no tocante á dos seus principios para resolve las dúbidas ou lagoas que se puideran presentar.

Décima. XURISDICCION COMPETENTE.

As partes asinantes acordan o sometemento á xurisdición contencioso-administrativa para resolver as discrepancias que poidan xurdir en aplicación do presente convenio.

E en sinal de conformidade, asíñase o presente convenio, en triplicado exemplar, no lugar e data arriba indicados.

26(1592).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN LISTE- MUSEO ETNOGRÁFICO DE VIGO PARA O EXERCIZO 2011. EXPTE. 5/330.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, do 29.12.11, conformado pola concelleira-delegada da Área de Cultura, Festas e Política de Benestar, a xefa do Servizo de Fiscalización e o interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o texto, que se achega no expediente, para o convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Fundación Liste – Museo Etnográfico de Vigo para o exercicio 2011.

2º.- Facultar á concelleira-delegada da Área de Cultura, Festas e Política de Benestar a asinar o citado convenio.

3º.- Aprobar o gasto de 6.000 (SEIS MIL) euros, con cargo á partida 3360.4890000 do vixente orzamento xeral do Concello, cantidade correspondente á aportación económica municipal a dito convenio, a favor da FUNDACIÓN LISTE, CIF G-36855310

***PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE
O CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN LISTE-MUSEO ETNOGRÁFICO DE VIGO PARA O
EXERCICIO 2011***

Na Casa do Concello de Vigo,

REUNIDOS

Dunha parte, dona Isaura Abelairas Rodríguez, na súa calidade de concelleira-delegada da área de Cultura, Festas e Política de Benestar do Concello de Vigo, na representación legal da mesma, en virtude do decreto da Alcaldía de 16 de xuño e posterior modificación de 1 de agosto de 2011, sobre delegación de atribucións de competencias.

Doutra, don Olimpio Liste Regueiro como presidente da Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo, CIF G-36.855.310, e enderezo social en Vigo, na rúa da Pastora, nº 22, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos.

Tendo, daquela, os comparecentes, a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- Que a Fundación Liste foi clasificada de Interese Cultural por Orde da consellería da Presidencia e Administración Pública de 1 de setembro de 1999, e declarada de Interese galego pola consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, o 18 de outubro de 1999. As súas finalidades prioritarias son a promoción e difusión do Patrimonio etnográfico galego e a xestión do Museo Etnográfico de Vigo, e para o seu cumprimento, o 17 de novembro de 2000 asinou se entre o Concello de Vigo e a Fundación un convenio-marco no que se comprometía unha aportación económica anual do Concello de Vigo á Fundación ata finais de 2003, de xeito que se garantizaba o seu normal funcionamento.

II.- Que o Concello de Vigo é cofundador da Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo, conforme á súa Acta Fundacional, xunto a D. Olimpio Liste Regueiro e a súa esposa Dña. Josefina Fernández Mosquera.

Dende a súa creación, a Fundación vén conquirido distintas aportacións económicas doutras entidades públicas e privadas, aínda que o soporte económico procedente do Concello de Vigo segue a ser vital para o cumprimento das súas finalidades e o desenvolvemento do proxecto cultural que representa, polo que esta contribución económica municipal se sucede de xeito continuado dende o ano 2000.

III.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, aprobado por acordo plenario de 23 de decembro de 2010, na aplicación 3360.489.00.00, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 6.000 € (SEIS MIL EUROS), a favor da Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo .

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervincentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é garantir o normal funcionamento da Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo, a través da achega económica do Concello de Vigo, coa que se sufraga, entre outros, os gastos de persoal da dita entidade.

V.- Que a Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que se acompañan no expediente 5/330.

Que baseándose nas precedentes consideracións e ao interese cultural que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo, o Concello de Vigo e dita entidade conveñen a súa colaboración e a concesión da referida subvención baseándose nos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo comprométese a colaborar coa concellería de Cultura e Festas do Concello de Vigo no tocante a:

1º- Cumprir coas finalidades fundacionais recollidas estatutariamente e realizar as xestións, actuacións e programas previstos nos seus orzamentos anuais.

2º- Establecer a entrada gratuíta ao Museo Etnográfico Liste de Vigo para as asociacións da terceira idade do Concello de Vigo, así como para os grupos de escolares procedentes de Centros educativos do termo municipal de Vigo.

3º- Colaborar co Concello de Vigo no establecemento de mecanismos de coordinación no ámbito da protección, conservación e difusión do patrimonio etnográfico.

4º.- Colaborar coas entidades culturais e veciñais na realización de proxectos encamiñados á recuperación, promoción e difusión do patrimonio etnográfico das parroquias da cidade.

5º- Participar na Comisión de Seguimento recollida na cláusula terceira deste Convenio.

En xeral, cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa Fundación no desenvolvemento dos seus fins e obxectivos, especialmente fomentando a colaboración cos servizos e equipamentos municipais relacionados coa etnografía.

2º.- Participar na Comisión de Seguimento recollida na cláusula terceira deste Convenio.

3º.- Conceder directamente, á Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo, unha subvención por importe de 6.000 € (SEIS MIL EUROS), co obxecto de garantir o normal funcionamento da Fundación Liste – Museo Etnográfico de Vigo.

Terceiro.- Para o seguimento deste convenio, así como para a resolución das dificultades que poidan xurdir no desenvolvemento do mesmo, constituirase unha Comisión de Seguimento, que estará composta a partes iguais por persoas designadas polo Concello e pola Fundación.

As características desta Comisión son as seguintes:

- Servir de comisión de seguimento do cumprimento do estipulado neste Convenio.

- Establecer mecanismos de coordinación coas entidades que traballan no ámbito da protección, conservación e difusión do Patrimonio Etnográfico, e moi en especial co Centro de Artesanía Tradicional, equipamento municipal encargado da promoción, divulgación e investigación dos oficios tradicionais de Galicia.

- Propoñer aos órganos que correspondan do Concello de Vigo e ao Patronato da Fundación novas iniciativas no eido da protección, conservación e difusión do patrimonio etnográfico.

Cuarto.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de subvencións.

Quinto.- O pagamento do importe fixado no presente convenio farase unha vez presentados a través do rexistro xeral do Concello de Vigo os seguintes documentos: aprobación da liquidación dos orzamentos da Fundación do ano 2010; aprobación dos seus orzamentos de 2011 e acreditación da presentación destes dous documentos perante dos órganos competentes en materia de Fundacións de Interese Galego da Xunta de Galicia.

A xustificación desta subvención por parte da Fundación deberá comprender a documentación que xustifique os gastos efectuados con cargo á mesma, así como unha memoria das actividades realizadas, de acordo co disposto no artigo 30 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións .

Sexto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sétimo.- A beneficiaria debe dar a axeitada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante o logotipo e identificación da concellería de Cultura e Festas do Concello de Vigo.

Oitavo.- A beneficiaria, no prazo de 3 meses a contar desde o remate da actividade subvencionada deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos; os xustificantes de pago dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de todos os xustificantes de pago dos gastos incorridos.

No caso da xustificación dos gastos de persoal, bastará coa presentación dunha certificación na que a entidade acredite o custe total dos gastos realizados nese concepto no ano 2011, como se recolle no punto 4 da Base 38ª de execución do orzamento vixente do Concello de Vigo.

No caso dos gastos que non sexan de persoal, deben presentarse facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.496/2003, de 28 de novembro, polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas computarase o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao selado da factura orixinal, indicando no selado o motivo da subvención e se o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal selado incorporarase ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Noveno.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Décimo.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo comprendido entre o 1 de xaneiro de 2011 e o 31 de decembro de 2011.

Décimo primeiro.- A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da concellería de Cultura e Festas. O xefe do servizo de xestión e promoción cultural emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo segundo.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola concellería de Cultura e Festas e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo terceiro.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora dende o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo cuarto.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreziación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do pro-

cedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia conforme á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter personal, sendo responsable do seu tratamento a concellería de Patrimonio Histórico.

A beneficiaria poderá exercer dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a concellería de Cultura e Festas do Concello de Vigo.

Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, asinan este convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, de de dous mil once.

27(1593).- REVISIÓN DO IPC DO CONTRATO DO SERVIZO DE APOIO Á UNIDADE ASISTENCIAL A DROGODEPENDENCIAS (XUÑO 2010-AGOSTO 2011). EXPTE. 69321/301.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Actividades Económicas, do 3.11.11, conformado polo xefe de Área, a concelleira delegada da Área de Política de Benestar e a concelleira delegada de Facenda, a xefa do Servizo de Fiscalización e o interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o gasto por importe de 15.469,44 euros, dos que 5.156,48 euros corresponden ao ano 2011 e 10.312,96 € ao ano 2012, con cargo á partida 3133.2279901 a nome de EUSA SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, S.L., NIF B15829518, correspondente ao 85% da variación experimentada polo IPC nacional no período xuño/2010-agosto-2011, en execución do prego de cláusulas administrativas particulares do procedemento para a contratación do servizo de apoio á unidade asistencial a drogodependencia. O prezo total do contrato, incrementado pola variación do IPC ascende a 665.445,74 euros mais importe da modificación do contrato aprobado pola Xunta de Goberno Local do 01/09/11 por importe de 10.488,00; o importe total do contrato a partir do 01/09/11 será de 675.933,74 euros.

28(1594).- RATIFICACIÓN DO “ACORDO MARCO DA COMISIÓN BILATERAL” RELATIVO ÁS ÁREAS DE REHABILITACIÓN INTEGRAL. EXPTE. 500/431.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da directora da Oficina de Rehabilitación, conformado pola concelleira delegada de Urbanismo, Cascos Históricos e Grandes Proxectos, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar e ratificar o ACORDO MARCO DA COMISIÓN BILATERAL celebrada o 18 de novembro de 2011 entre o Ministerio de Fomento e a Xunta de Galicia a través do IGVS tanto na parte dispositiva xeral do mesmo como na concreción do punto segundo no que respecta a acordos previos do Concello de Vigo, para o reaxustes das anualidades dos cadros que se detallan xa que logo garantizan o cobro das anualidades reaxustadas unha vez ratificado dito acordo polo responsable municipal.

ARCH CASCO HISTÓRICO DE VIGO (PONTEVEDRA) 8ª FASE

EXERCICIO	ANUALIDADES VIXENTES	REDISTRIBUCIÓN	ANUALIDADES RESULTANTES
2007	29.000,00€	-	29.000,00€
2008	75.800,00€	-	75.800,00€
2009	146.000,00€	-5.600,00€	140.400,00€
2011	0	+5.600,00€	5.600,00€
TOTAL	250.800,00€	0,00€	250.800,00€

ARCH DE VIGO (PONTEVEDRA) 9ª FASE

EXERCICIO	ANUALIDADES VIXENTES	REDISTRIBUCIÓN	ANUALIDADES RESULTANTES
2007	19.380,00€	-	19.380,00€
2008	53.700,00€	-	53.700,00€
2009	103.620,00€	-	103.620,00€
2010	162.900,00€	-162.900,00€	0€
2011	0€	+88.938,37€	88.938,37€
2012	0€	+73.961,63€	73.961,63€
TOTAL	339.600,00€	0,00€	339.600,00€

ARCH DE VIGO (PONTEVEDRA) 10ª FASE

EXERCICIO	ANUALIDADES VIXENTES	REDISTRIBUCIÓN	ANUALIDADES RESULTANTES
2009	39.000,00€	-	39.000,00€

2010	156.000,00€	-156.000,00€	0€
2011	195.000,00€	-	195.000,00€
2012	0€	+156.000,00€	156.000,00€
TOTAL	390.000,00€	0,00€	390.000,00€

ARICH DE VIGO (PONTEVEDRA) 11ª FASE

EXERCICIO	ANUALIDADES VIXENTES	REDISTRIBUCIÓN	ANUALIDADES RESULTANTES
2010	29.172,00€	-29.172,00€	0€
2011	262.548,00€	-112.548,00	150.000,00€
2012	291.720,00€	+433.440,00€	433.440,00€
TOTAL	583.440,00€	0,00€	583.440,00€

ARCH DE VIGO-BOUZAS (PONTEVEDRA) 4ª FASE

EXERCICIO	ANUALIDADES VIXENTES	REDISTRIBUCIÓN	ANUALIDADES RESULTANTES
2007	10.052,27€	-	10.052,27€
2009	83.829,96€	-	83.829,96€
2010	110.126,84€	-110.126,84€	0€
2011	0€	+29.659,45€	29.659,45€
2012	0€	+80.467,39€	80.467,39€
TOTAL	204.009,07€	0,00€	204.009,07€

ARI DEL CASCO HISTÓRICO DE VIGO-BOUZAS (PONTEVEDRA) 6ª FASE

EXERCICIO	ANUALIDADES VIXENTES	REDISTRIBUCIÓN	ANUALIDADES RESULTANTES
2010	6.900,00€	-6.900,00€	0€
2011	62.100,00€	+6.900,00€	69.000,00€
2012	69.000,00€	-	69.000,00€
TOTAL	138.000,00€	0,00€	138.000,00€

SEGUNDO.- Habilitar ao Sr Alcalde – Presidente do Concello de Vigo para a sinatura do documento de aprobación e ratificación do dito acordo marco.

TERCERO.- Remitir o documento de aprobación e ratificación preferiblemente antes do 31 de decembro de 2011 á Dirección Xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo para continuar co procedemento de tramitación dos convenios e proceder aos pagos das anualidades pendentes.

29(1595).- SOLICITUDE DE CERTIFICADO DE CUALIFICACIÓN COMO ILE (INICIATIVA LOCAL DE EMPREGO) DA EMPRESA “OCEANIC EVENT S.L.”. EXPTE. 8683/77.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Visto o informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 28.12.11, conformado polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, a Xunta de Goberno local acorda:

- Promover ante a Consellería de Traballo e Benestar, a cualificación como Iniciativa Local de Emprego do proxecto empresarial denominado “OCEANIC EVENTS, S.L.” sendo necesario para isto a participación municipal, que consistirá no seguinte:
 - Apoio pola Servizo de Promoción Económica e Emprego do Concello de Vigo coa elaboración e estudo, por parte dunha técnica do servizo, dun informe económico de viabilidade do proxecto xunto co seu asesoramento na solicitude e información e asesoramento sobre axudas municipais vixentes.
 - Cooperación e apoio cara a axilizar os trámites administrativos de competencia municipal para a súa posta en funcionamento.
 - Terá preferencia, de acordo coas correspondentes bases reguladoras, na concesión das Axudas Municipais á Creación de Empresas ás que, de ser o caso, opte.
 - Terá preferencia, na concesión das Axudas PEIM que, de ser o caso, opte.(ditas bases aprobaronse na comisión de goberno de data 18 de decembro do 2000, sendo modificadas na Xunta de Goberno Local do 14 de marzo do 2011)

30(1596).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 14.889 €, A FAVOR DE OUTSOURCING SIGNO SERVICIOS INTEGRALES GRUPO NORTE S.L. POLO SERVIZO DE ATENCIÓN TELEFÓNICA 010 (NOVEMBRO 2011). EXPTE. 2415/321.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 13.12.11, o informe de fiscalización do 28.12.11, e de acordo co informe-proposta do xefe de Participación e Atención Cidadá, do 1.12.11, conformado polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a indemnización substitutiva, polas actuacións e o gasto realizado, de conformidade coa Base 28^a das Bases de execución do orzamento para o ano 2011, por un importe de 14.889,00 € (catorce mil oitocentos oitenta e nove euros, a favor de Outsourcing

Signo Servicios Integrales Grupo Norte S.L. (CIF:B-47451794), con cargo á aplicación 9240 2279900 (Teleoperadoras, 010 e envío de mensaxes) e o RC número de operación 54718.

2º.- Recoñecer a obriga a favor de Outsourcing Signo Servicios Integrales Grupo Norte S.L., polo importe de 14.889,00 € e correspondente a prestación do servizo de atención telefónica a través do 010 no mes de novembro de 2011.

31(1597).- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO CON PUBLICIDADE PARA A CONTRATACIÓN DAS “OBRAS DE SUBSANACIÓN DE DEFECTOS NAS REVISIONS OCA DAS INSTALACIONES DOS CENTROS DE ENSINO”. EXPTE. 19/330.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do secretario da Mesa de Contratación, do 29.12.11, conformado pola xefa de fiscalización e o interventor xeral a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar á mercantil IMESAPI S.A. o procedemento negociado con publicidade para a contratación DAS OBRAS DE SUBSANACIÓN DE DEFECTOS NAS REVISIONS OCA DAS INSTALACIONES DOS CENTROS DE ENSINO ,(EXPTE. 13177-332) por un prezo total de 75.000 euros e o compromiso de efectuar 10 actuacións de adecuación de defectos OCA noutros centros educativos a maiores dos dispostos na FASE 1 (Centros incluídos no ANEXO 2 “Actas de Inspeccións Regulamentarias - FASE 2 OUTROS CENTROS”) por unha cantidade de 35.111,32 euros.

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

32(1598).- OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO ANO 2011. EXPTE. 22657/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 29.12.11, e de acordo co informe-proposta do técnico de Organización e Xestión de Recursos Humanos, do 29.12.11, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aproba-la oferta de emprego público do Concello de Vigo para o ano 2011, integrada polas seguintes 16 prazas vacantes:

a) Persoal funcionario (12 prazas)

Nº Vacantes	Denominación	Grupo	Escala	Subescala	Clase	Tanda Acceso
2	Técnico Admón. Xeral	A1	Admón. Xeral	Técnica	Superior	Libre
2	Policía	C1	Admón. Especial	Servizos Especiais	Policía Local	Libre
2	Bombeiro	C2	Admón. Especial	Servizos Especiais	Extinción Incendios	Libre
1	Inspector/a Obras, Servizos e Infraestructuras	C1	Admón. Especial	Servizos Especiais	Cometidos Especiais	Promoc. Interna
2	Administrativo de Admón Xeral	C1	Admón. Xeral	Administrativa	-----	Promoc. Interna
2	Auxiliar Admón. Xeral	C2	Admón. Xeral	Auxiliar	-----	Promoc. Interna
1	Técnico Mantemento Informática	C1	Admón. Especial	Servizos Especiais	Cometidos Especiais	Promoc. Interna

b) Persoal laboral : 4 prazas (1 de Capataz e 3 de oficial de oficios)

Nº de prazas	Denominación	Quenda
1	Capataz	1 Promoción Interna
2	Oficial Conductor	2 Promoción Interna
1	Oficial Xardineiro	1 Promoción Interna

SEGUNDO.- De conformidade co disposto no artigo 59 da Lei 7/2007, de 12 de Abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, resérvase un total de 1 praza (7% das 6 prazas ofertadas pola quenda libre e das 10 reservadas por promoción interna), para persoas con discapacidade:

- Unha praza de Auxiliar de Administración Xeral, da tanda de promoción interna.

33(1599).- PRODUTIVIDADE A D. JESÚS LÓPEZ MOURE CON RESOLUCIÓN ADMINISTRATIVA DE ENCOMENDA DE FUNCIONS. EXPTE. 19/330.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 29.12.11, dáse conta do informe-proposta da técnica de Avaliación e Formación, de Recursos Humanos, do 29.12.11, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

Recíbese no Servizo de Recursos Humanos, en proposta asinada pola Concelleira Delegada de Cultura e Festas, no que se solicita a concesión dun complemento de produtividade ao funcionario D Jesus Lopez Moure, con n.p. 77210, adscrito a Área de Cultura, por importe total de 2550.65 €, polo desenvolvemento das funcións de coordinación, planificación e supervisión administrativa e orzamentaria e de programación dos servizos da Área de Cultura e Festas, e asistencia á concelleira-delegada da citada área, encomendadas por resolución do concelleiro-delegado de xestión municipal en data 19 de xullo de 2011.

Así mesmo, o Concelleiro delegado de Xestión Municipal, en data 28 de decembro de 2011, ordea ao Servizo de Recursos Humanos a realización dos trámites administrativos necesarios para propoñer a Xunta de Goberno Local, a aprobación de dito complemento de produtividade.

Serán de aplicación para o ano 2011 as Instrucións sobre Plantilla e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos, aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 20 de setembro de 2010. En ditas instrucións, apartado terceiro, recóllese expresamente unha detallada regulación do complemento de produtividade e dos requisitos existentes para a súa percepción.

“Con cargo ó Complemento de Productividade se retribuirá única e exclusivamente a aqueles funcionarios nos que concurran circunstancias excepcionais na prestación dos seus servizos, tales como o especial rendemento e a actividade extraordinaria, o interese e iniciativa con que desempeñan as súas funcións.

O outorgamento deste complemento retributivo responderá necesariamente a:

- Contribuír á mellora no funcionamento dos servizos públicos prestados polo Concello de Vigo.*
- Criterios de equidade en termos de rendemento efectivo e retribución.*

A Xunta de Goberno Local establecerá no exercicio das súas competencias, atribuídas polo artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, os parámetros obxectivos de asignación de complementos de produtividade que considere, tendo en conta os seguintes criterios:

O complemento de produtividade establecerase orixinado única e exclusivamente por:

- a) Aumento de volumen de traballo nas tarefas asignadas ao posto de traballo ocasionado por razóns coxunturales debidamente xustificadas.*
- b) Asignación de novas tarefas ao posto de traballo motivadas polo incremento da actividade municipal, e formalmente encomendadas polo órgano competente.*
- c) Rendemento extraordinario do traballador no desempeño das actividades, cometidos e responsabilidades encomendadas ao posto de traballo adscrito.*

Será estimado mediante informe pormenorizado do responsable do servizo, unidade ou departamento de adscrición, no que se especifique a cantidade do traballo realizado con arranxo aos principais

indicadores do contido funcional do seu posto e, a eficacia, calidade, logro de resultados, tempo de traballo adicional e disponibilidad do traballo e, deberá contar coa conformidade do concelleiro delegado correspondente.

Vistas as circunstancias anteditas, e sempre previo o preceptivo informe de fiscalización en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 922.0.1500000-“Productividade”, nos termos do disposto nos artigos 214 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

- 1- Outorgar ao funcionario municipal D Jesus Lopez Moure, con N.P. 77210 adscrito a Área de Cultura e Festas, complemento de produtividade por importe de 2550.65 €, €, pola realización das funcións descritas no informe de data 1 de decembro de 2011*
- 2- Aprobar e comprometer o gasto por importe total de 2550.65 €, en concepto de produtividade a favor do empregado municipal anteriormente referenciada, con cargo á partida orzamentaria 922.0.1500000 “Productividade” do vixente orzamento do ano 2011.*

Dése traslado do presente acordo ao interesado, Intervención Xeral e Comité de Persoal aos efectos oportunos, debendo expoñerse asemade no Taboeiro de Edictos por un prazo de dez días para público coñecemento.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

34(1600).- PRODUTIVIDADE AOS OFICIAIS CONDUTORES DA ALCALDÍA (XULLO A NOVEMBRO DE 2011). EXPTE. 22580/2011.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 29.12.11, e de acordo co informe-proposta do técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, do 22.12.11, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Aboar ós seguintes funcionarios, que prestan servizos como condutores adscritos a Alcaldía, as cantidades que para cada un deles se especifica, polo especial rendemento e dedicación extraordinaria no desenvolvemento dos seus postos de traballo, mais alá do meramente esixible polo desempeño das súas funcións públicas, de conformidade co regulamentado no artigo 5 do R. decreto 861/86, de 25 de abril, durante os meses de xullo a novembro do presente ano 2011, de conformidade coa proposta do Xefe de Relacións Públicas e Protocolo, de data 12 de decembro de 2011:

- D. Basilio Costas Fernández, núm. persoal 10257, conductor da Alcaldía, por un importe total de 3.139,14 €.
- D. Camilo Fontán Balbuena, núm. persoal 22326, conductor da Alcaldía, por un importe total de 2.917,04 €.

Dese traslado da presente resolución ós interesados, ó Comité de Persoal e á Intervención Xeral, debendo expoñerse, así mesmo, no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello por prazo de quince días.

35(1601).- PRODUTIVIDADE POR SERVIZOS EXTRAORDINARIOS EN DOMINGOS, FESTIVOS E XORNADA NOCTURNA A D. JUAN MAGALLANES OLMIGOS. EXPTE. 22195/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 29.12.11, dáse conta do informe-proposta da técnica de Avaliación e Formación, do 9.12.11, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

Recíbese no servizo de Recursos humanos en data de entrada no Rexistro Xeral o 28 de setembro de 2011 solicitude de D Miguel Magallanes Olmigos, funcionario do Concello de Vigo con praza e posto de Policía Local , adscrito ao Servizo da Policía Local, en canto ao aboamento dos importes deixados de percibir en concepto de recargos por festividade e nocturnidade durante o periodo comprendido entre o 22 de outubro ao 9 de decembro de 2010, no que se atopou de baixa por I.T. derivada de accidente laboral

En data 29 de novembro, recibese dilixencia da Xefa do Servizo para a realización do oportuno informe proposta.

No art. 23 do vixente Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores oa servizo do Concello de Vigo, recollese que no caso de baixa por enfermidade ou accidente, a Corporación complementará as prestacións do réxime xeral da Seguridade Social ata o 100% das súas retribucións fixas e periódicas. Tamen poderá acorda-lo mantemento das retribucións que non teñan tal carácter en determinados supostos e sempre que a baixa corresponda a accidente de trballo ou enfemidade profesional.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 15 de setembro de 2008 acordou a aplicación de dito artigo 23, en canto ao aboamento do 100% dos recargos por festividade e nocturnidade en caso de accidente laboral única e exclusivamente ao persoal do Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento do Concello de Vigo, establecendose unha vixencia temporal de dito acordo ata o 31 de decembro de 2008.

Dado que a baixa laboral do referido funcionario ven ocaionada por un accidente de traballo "in mission", considerandose estes aqueles que se producen nos traxectos que se teñan que realizar para o cumprimento das súas funcións ou o acaecido no desempeño da mesma, dentro da súa xornada laboral", tal e como se recolle no informe da técnica de prevención de riscos de data, parece

oportuno someter ao debate da Xunta de Goberno Local, a aplicacion do derradeiro parrafo do articulo 23 do vixente acordo regulador, pólo que esta poderá acordar o mantemento das retribucions que non teñan tal carácter en determinados supostos e sempre que a baixa corresponda a accidente de traballo ou enfermidade profesional.

En informe de data 1 de febreiro de 2011, o Superintendente da Policia Local informa que a cantidade deixada de percibir pólo concepto de festividade e nocturnidade no período da sua baixa laboral ascende a cantidade de 541.73€

Vistas as circunstancias anteditas, e sempre previo o preceptivo informe de fiscalización en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 9220.1510000- que pola Intervención Xeral se emita, nos termos do disposto nos artigos 214 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA DE ACORDO para o seu debate:

1- “Considerar de aplicacion o articulo 23 do vixente Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores do Concello de Vigo, pólo que a Xunta de Goberno Local poderá acordar o mantemento das retribucions que non teñan tal carácter en determinados supostos e sempre que a baixa corresponda a accidente de traballo ou enfermidade profesiona

2- Comprometer o gasto por importe total de 541.73€ en concepto de gratificacions con cargo a partida presupostaria 922.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS do vixente orzamento”

3- Aboar en concepto de gratificación por servicios extraordinarios en domingos, festivos e xornada nocturna a D Juan Magallanes Olmigos, con n de persoal 18230 o importe total de 541.73€.

Dése traslado do presente acordo á interesada, Intervención Xeral e Comité de Persoal aos efectos oportunos, debendo expoñerse asemade no Taboeiro de Edictos por un prazo de dez días para público coñecemento.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe-proposta.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e vinte e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

M^a Jesús Lago Rey.